

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o seis de abril do ano dous mil dezaioito, ás nove horas e cinco minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora accidental, dona Begoña Álvarez Matos, técnica de fiscalización da xestión orzamentaria e contable, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado provincial e vicepresidente 2º don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 16 DE MARZO DE 2018.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día dezaseis de marzo de dous mil dezaioito, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS SOBRE TARIFAS DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.-

Unha vez vista a proposta de concesión de bonificacións nas tarifas por uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz, formulada polo Servizo de Deportes con data 9 de marzo de 2018, considerando a dita proposta axustada ó establecido no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz, ó abeiro das ditas normas, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adópta o seguinte acordo:

- Conceder a bonificación no prezo público polo uso das instalacións deportivas no Pazo dos Deportes Paco Paz na porcentaxe e na entidade deportiva que se indica:

- Federación Galega de Ximnasia 60%

(IX Copa Galicia Internacional de Ximnasia Trampolín)



APL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAL

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó LICEO DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48917-33420, unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor do Liceo de Ourense, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ó Liceo de Ourense, nos seguintes termos:


-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concurrir causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.



APIL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordañanza do 6 de abril de 2018

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á REAL ACADEMIA GALEGA. - No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48902-33420, unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor da Real Academia Galega, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno **acorda** aprobar unha subvención á Real Academia Galega, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.



Nº 12. NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A SARABELA, SL.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, a favor de Sarabela, SL e con cargo á aplicación 48926-33420, unha subvención nominativa, por

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

importe de 15.000,00 euros, complementaria á concedida á dita entidade por acordo da Xunta de Goberno do día 7 de agosto de 2017, para FITO 2017.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención a Sarabela, SL, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: FITO 2017.

-Xustificación: Unha vez concedida polo órgano correspondente, e tendo en conta que esta subvención é complementaria á concedida para o mesmo fin e arriba indicada, considérase que está debidamente xustificada coa documentación xustificativa achegada no ano 2017.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE AVIÓN.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 46202-23111, a cantidade de 60.000,00 euros a favor do Concello de Avión, para gastos de mantemento da Escola Infantil Municipal de Avión.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Avión, nos seguintes termos:

-Importe: 60.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de mantemento da Escola Infantil Municipal de Avión.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumprira a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.



INTEL. NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

- 3.- Que a xustificación da subvención acadara o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

7.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN CULTURAL NO CAMPUS DE OURENSE.

No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 451.00-32611, a cantidade de 220.000,00 euros a favor da Universidade de Vigo.

Con data 19 de febreiro de 2018, a Presidencia da Deputación subscribiu un convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.

A través do dito convenio, concédeselle unha subvención nominativa á Universidade de Vigo, por importe de 220.000,00 euros, para o financiamento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense, con data 19 de febreiro de 2018, para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, por importe de 220.000,00 euros.

Segundo.- A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

- 4.- Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 5.- Que os documentos xustificativos do gasto foren aprobados polo órgano competente.
- 6.- Acreditación das medidas de difusión adoptadas, de acordo co que figura na cláusula décima do convenio de referencia.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de decembro de 2018

8.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXVII EDICIÓN DO PREMIO BLANCO-AMOR DE NOVELA LONGA. - Ante a necesidade de proceder á convocatoria da XXXVII edición do Premio Blanco-Amor de novela longa, unha vez vista a proposta de bases elaboradas conxuntamente polos servizos provinciais e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1ª.- Aprobar as referidas bases e convocar o XXXVII Premio Blanco-Amor de novela longa, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Poderán participar nel todos os autores e as autoras que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Segunda.- As novelas terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a unha soa cara e a dous espazos, ou de 75 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a dúas caras e a dous espazos.

Tercera.- As obras presentadas terán que ser inéditas.

Cuarta.- De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á Deputación de Ourense, rúa Progreso n.º 32, 32003 Ourense, facendo constar no exterior "Para o XXXVII Premio Blanco-Amor". Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e o enderezo do autor ou autora e, de ser posible, o seu teléfono e enderezo electrónico.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

Quinta.- O prazo de admisión dos orixinais rematará o venres 14 de setembro de 2018, cento vinte e un aniversario do nacemento, en Ourense, de Eduardo Blanco-Amor.

Sexta.- O xurado do premio será nomeado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, e estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. Facúltase ao xurado para a interpretación e integración das posibles dúbidas nestas bases en todo o relativo á concesión do premio.

Sétima.- O premio estará dotado con 15.000 € e unha obra escultórica.

Oitava.- O premio poderase declarar deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

Novena.- O xurado reunirase con tempo suficiente antes da entrega do premio e fará pública a súa decisión, perante os medios de comunicación.

Décima.- A concesión do premio implicará a cesión ao autor dos dereitos da primeira edición en lingua galega da obra. A dita edición deberá realizarse nun prazo máximo dun ano dende a data da entrega do premio, quedando sen efecto a cesión no caso de que no dito prazo non se leve a cabo.

O gañador deste premio comprométese a participar en cantas presentacións do libro lle requira a Deputación de Ourense ou a Fundación Eduardo Blanco-Amor, ata un máximo de dez.

As obras non premiadas devolveránselles aos/as autores/as que o soliciten nun prazo dun mes contado dende o día do veredicto. En caso de non recollese dentro deste prazo os orixinais serán destruídos.

Décimo primeira.- A entrega do premio terá lugar nun acto literario organizado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, o sábado 1 de decembro de 2018, trinta e nove cabodano do autor de *A Esmorga*.

Décimo segunda.- O feito de concorreren a este premio presupón que os/as autores/as aceptan estas bases.

2º.- A convocatoria deste premio publicárase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

9.- XV EDICIÓN DO «PREMIO DE NARRACIÓN E ILUSTRACIÓN INFANTIL E XUVENIL PURA E DORA VÁZQUEZ».- Ante a necesidade de proceder á convocatoria da XV edición do «Premio de narración e ilustración Pura e Dora Vázquez», e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as bases reguladoras da XV edición do «Premio de narración e ilustración Pura e Dora Vázquez» co seguinte contido:

A) MODALIDADE NARRACIÓN:

1.- Constitúe o obxecto destas bases a regulación da selección dunha obra que será premiada pola Deputación Provincial de Ourense dentro do concurso de narración infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez, na súa décimo quinta edición.

2.- Poderán presentarse ao concurso regulado nestas bases autores de calquera nacionalidade, sempre que presenten os seus orixinais en lingua galega.

3.- As narracións que se presenten terán temática libre, sempre adaptada a un público infantil ou xuvenil, e os textos presentados serán inéditos e totalmente orixinais. Coas seguintes características:

Os textos terán unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 100 páxinas, formato A4, sempre escritos en programa *Word*, fonte tipográfica *Times New Roman*, tamaño de letra 12 puntos e interlineado 1,5.

4.- Debido á necesidade de garantir o anonimato dos participantes no concurso ata o momento de comunicación pública do veredicto, a presentación dos orixinais unicamente poderá realizarse do seguinte xeito:

a) De maneira presencial, entregando un exemplar da obra en sobre pechado indicando no seu exterior «Premio Pura e Dora Vázquez, modalidade de narración, na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros.

b) Remitindo por correo certificado o exemplar da obra en sobre pechado, indicando no seu exterior «Premio Pura e Dora Vázquez, modalidade de narración», ao seguinte enderezo:

Deputación Provincial de Ourense

Rexistro Xeral

Rúa do Progreso, 32

32003 Ourense



APBL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo. Dentro do sobre introducirase outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

Cando as obras se remitan por correo certificado, deberá remitirse por correo electrónico á dirección publicacions@depourense.es unha copia do xustificante do envío emitido pola oficina postal.

5.- O prazo de presentación de orixinais remata o 31 de maio de 2018. No caso de obras remitidas por correo, esa data deberá figurar como data de presentación na oficina postal no xustificante do envío, do que se deberá remitir unha copia escaneada por correo electrónico á seguinte dirección de correo electrónico: publicacions@depourense.es

6.- Para esta modalidade de narración establécese un premio de 1.500 €.

7.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que delegue) e catro vogais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en que delegue (con voz e sen voto).

Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.

8.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente, e este emitirá o seu ditame no primeiro semestre de 2018.


9.- O acto de entrega do «XV Premio Pura e Dora Vázquez» nesta modalidade de narrativa será o día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

10.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso de que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.

11.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cedellos tales dereitos a terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.

~~Serie A~~ N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018



APEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAL

12.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ao veredicto. Rematado ese prazo, os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nestas bases.

B) MODALIDADE ILUSTRAÇÃO:

1.- Podrán concorrer ao premio ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado na modalidade de narración deste «XV Premio Pura e Dora Vázquez» de narración xuvenil.

2.- As ilustracións deberán adaptarse ao tamaño do libro, que será o seguinte:

a) Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible da portada co libro pechado.
sen sangue. 513,6 x 216 mm. tamaño total incluído solapas, contraportada e sangue.

b) Il·lustracions interiors: 296 x 216 mm. sobre pàgina con sangue.

3.- A presentación de orixinais rexerase polas mesmas regras establecidas na base A) apartado 4 para a modalidade de narración.

4.- O prazo de admisión de orixinais remata o 3 de setembro de 2018.

5.- Para esta modalidad de ilustración establécese un premio de 1.500 €.

6.- O xurado estará composto polos seguintes membros: o presidente da Deputación de Ourense (ou persoa, para o efecto, en que el delegue) e catro vogais escollidos dos distintos ámbitos da Cultura de Galicia. Actuará de secretaria a xefa da Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial de Ourense ou funcionario en quen delegue (con voz e sen voto).

Os vogais serán designados pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade da Deputación Provincial a proposta dos grupos políticos da Corporación.

7.- A composición do xurado darase a coñecer en data que se comunicará oportunamente, e este emitirá o seu ditame antes do 30 de setembro do 2018.

8.- O acto de entrega do XV «Premio Pura e Dora Vázquez» nesta modalidade de ilustración será o día, no lugar e á hora que se comunicarán oportunamente.

9.- O premio poderá ser declarado deserto, no caso que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.

10.- A Deputación de Ourense resérvase os dereitos da primeira edición da obra premiada nos idiomas galego e castelán, coa posibilidade de cedellos tales dereitos a

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de abril de 2018

terceiros. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar, expresamente, a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra premiada.

11.- Os orixinais non premiados poderán retirarse nos dous meses seguintes ao veredicto. Rematado ese prazo, os que non se retiren, serán destruídos.

A participación nesta convocatoria require a aceptación das normas contidas nestas bases.

A Deputación de Ourense publicará a obra premiada, tanto o texto como as ilustracións, e distribuirá gratuitamente os exemplares necesarios para os centros de lectura da provincia de Ourense (bibliotecas, centros de ensinanza, asociacións e entidades culturais), e disporá de exemplares para a súa distribución venal nas condicións establecidas na Ordenanza reguladora de Publicacións publicada no BOP do día 19 de novembro de 2013.

2º.- Proceder á convocatoria pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincial de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial.

10.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día seis de abril do ano dous mil dezaioito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,**O VICESECRETARIO,**